



XUNTA DE GALICIA


CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

UNIÓN EUROPEA



**IES XERMÁN ANCOCHEA
QUEVEDO**

R/ Germán Ancochea, nº 13
32780 A Pobra de Trives (Ourense)
Tlf.: 988330302 Fax: 988330302
Correo electrónico:

ies.xerman.ancochea@edu.xunta.es

<http://www.edu.xunta.es/centros/iesxermanancochea>

Addenda á Programación Didáctica do Departamento de Lingua Castelá e Literatura

Dacordo coa orde do 25 de xaneiro , relativa ao periodo entre a terceira avaliación e a final (6 ao 22 de xuño), nesta addenda incluimos as modificacións no sistema de avaliación e cualificación para os cursos da ESO:

- A avaliación das actividades realizadas durante o periodo de entre o 6 e o 22 de xuño sumará ata un máximo de 0.5 puntos, que será o peso das actividades realizadas neste periodo. En ningún caso a nota final poderá ser máis baixa que a media das tres avaliacións parciais.

- A nota numérica da avaliación final obterase da media aritmética das puntuacións das tres avaliacións parciais, á que se lle sumará ata un máximo de 0.5 puntos como resultado das actividades realizadas no periodo comprendido entre o 6 e o 22 de xuño. Cando se teña unha avaliación suspensa, o alumnado poderá aprobar directamente na final sempre que a media das tres avaliacións, máis a puntuación obtida nas ditas actividades realizadas entre o 6 e o 22 de xuño, sexa igual ou superior a 5 puntos. No caso do alumnado con dúas ou máis avaliacións suspensas, este deberá presentarse a unha proba escrita final que se realizará durante o período establecido polo centro educativo.

Para **o alumnado con dúas ou máis avaliacións suspensas**, esta proba escrita final terá un valor igual ao asignado ás probas escritas para cada curso, tal e como reflicte a programación didáctica. A materia a avaliar serán os contidos mínimos, con especial atención a aqueles contidos nos que presentase maior dificultades ao longo do curso. Polo tanto, as porcentaxes para esta proba serán:

- 60% en 1º e 2º da ESO
- 70% en 3º e 4º da ESO

No caso de este alumnado, a porcentaxe restante ata chegar ao 100% alcanzarase mediante as actividades de recuperación realizadas durante o periodo comprendido entre o 6 e o 23 de xuño.

Esta nota do periodo de recuperación fará media coa avaliación que tivera previamente aprobada (co seguinte peso: 65% a nota final e 35% a nota da avaliación aprobada) de ser o caso. O resultado desta media será a nota da terceira avaliación final.

- Durante o periodo entre o 6 e o 22 de xuño levaranse a cabo actividades de recuperación, reforzo, repaso, ou, no seu caso ampliación, para as que se tomará como referencia o informe de avaliación individualizado. Estas actividades, de carácter obrigatorio para todo o alumnado, terán unha orientación maioritariamente práctica e instrumental, e incidirán na expresión oral e escrita, e naqueles aspectos curriculares que precisen reforzo dacordo ás necesidades individuais do alumnado, e que lles permita asimesmo desenvolver as competencias clave.

- A metodoloxía a empregar para desenvolver estas actividades terá un enfoque comunicativo, e estará adaptadas ás necesidades individuais do alumnado. Así por exemplo, a dinámica das sesións estará baseada na produción de textos orais e escritos, a partir dos cales se mellorarán aqueles elementos curriculares nos que se teñan detectado carencias ao longo do curso escolar (comentarios de texto, creación literaria, aspectos gramaticais, debates, pequenas recensións dos libros leídos durante o curso...)
- Ditas actividades darán a posibilidade de recuperar a materia ao alumnado suspenso, así como elevar a nota do alumnado que previamente superara a materia nas avaliacións parciais.
- Os instrumentos de avaliación que se van empregar serán diversos en función das actividades realizadas, utilizando diferentes métodos como rúbricas, ou observación directa, cuestionarios, probas de resposta breve....

Dacordo coa orde do 25 de xaneiro, relativa ao periodo posterior á avaliación final (do 6 ao 22 de xuño), nesta addenda incluímos as modificacións no sistema de avaliación e cualificación para os cursos da Bacharelato:

- **No caso de 1º de Bacharelato**, a avaliación final realízase o 6 de xuño, polo tanto, o periodo comprendido entre o 6 e o 22 de xuño adicarase a actividades de preparación das probas escritas extraordinarias de recuperación que terán lugar os días 20, 21 e 22 de xuño.
- O alumnado que teña superada a materia na avaliación final do 6 de xuño realizará neste periodo actividades de ampliación, de carácter lúdico e motivador, como por exemplo dramatizacións, tertulias literarias, proxeccións de películas baseadas en obras literarias estudadas no correspondente curso académico.
- O alumnado que non teña superada a materia o 6 de xuño deberá realizar as actividades de apoio e reforzo propostas polo docente, que terán como fío conductor aqueles contidos nos que presente máis dificultades, como por exemplo comentarios de texto de obras literarias ou actividades prácticas relacionadas con contidos gramaticais. Estas actividades estarán destinadas a á preparación da proba escrita extraordinaria de recuperación. O alumnado suspenso poderá asimismo participar nas actividades de ampliación e motivación sempre e cando se comprometa a entregar as actividades de reforzo e apoio nos prazos fixados pola docente para ese fin.
- A nota final será a media aritmética das tres avaliacións ordinarias. Cando se teña unha avaliación suspenso, o alumnado poderá aprobar directamente na final sempre que a media das tres avaliacións sexa igual ou superior a 5.
- Para **o alumnado con dúas ou máis avaliacións suspensas**, esta proba escrita final terá un valor igual ao asignado ás probas escritas para cada curso, tal e como reflicte a programación didáctica. A materia a avaliar serán os contidos mínimos, con especial atención a aqueles contidos nos que presentase maior dificultades ao longo do curso. Polo tanto, a porcentaxe para esta proba sería un 70%. No caso de este alumnado, a porcentaxe restante ata chegar ao 100% alcanzarse mediante as actividades de recuperación realizadas durante o periodo comprendido entre o 6 e o 23 de xuño.

Esta nota do periodo de recuperación fará media coa avaliación que tivera previamente aprobada (co seguinte peso: 65% a nota final e 35% a nota da avaliación aprobada) de ser o caso. O resultado desta media será a nota da terceira avaliación final.

- **No caso de 2º de Bacharelato:** No período abranguido entre a terceira avaliación ordinaria (19 de maio) e as probas extraordinarias de recuperación (20, 21 e 22 de xuño), o centro organizará as clases co fin de preparar ao alumnado para a ABAU ou, no caso do alumnado suspenso, para as probas extraordinarias de recuperación, nas que se avaliarán os contidos non superados ao longo do curso.

A Pobra de Trives, a 30 de marzo de 2022.

Paula Tomé Espiñeira
Xefa do Departamento de Lingua Castelá e Literatura.